

# A REVOLUCIÓN INDUSTRIAL

1º BACHARELATO



CANDO SE PRODUCE  
A REVOLUCIÓN  
INDUSTRIAL?

Século, ano, feito que marca o inicio e feito que  
marca o final.

# CANDO SE PRODUCE A REVOLUCIÓN INDUSTRIAL?

- Inicios do século XVIII
- Ano 1730-1740 Os ingleses importan o sistema Norfolk dos Países Baixos
- - Que marca o final da Primeira Revolución Industrial? Seguro

PORQUÉ SE PRODUCE ONDE SE PRODUCE?

-

-

-

-

-

-

-

...

# PORQUÉ SE PRODUCE ONDE SE PRODUCE?

- É unha illa o que lle permite ter menos conflitos bélicos que o resto dos estados modernos.
- Presenza de recursos minerais: carbón e ferro serán as bases da Primeira Revolución Industrial
- Existencia de ríos navegables, nos que se construírán canles, que serán a principal vía de transporte
- Realidade política diferenciada do resto de Europa, cunha monarquía parlamentaria. De esta realidade sairán os Enclosure Acts ou Leis de cercado.
- Inglaterra ten moitas colonias. Eses mercados coloniais permiten a acumulación de capitais necesarios para investir nas fábricas. Isto convirtea na primeira potencia marítima e comercial do mundo. A perda das colonias norteamericanas en 1783 foi compensada coa emancipación a inicios do XIX das colonias españolas e portuguesas de sudamérica coas que comezou a comerciar.

# PORQUÉ SE PRODUCE ONDE SE PRODUCE?


- En 1694 créase o Banco de Inglaterra, o que axudará tamén a proveer os capitais para a industria.

...

A QUE SE DEBE QUE LLE CHAMEMOS ASÍ?

Otras revoluciones?







# A REVOLUCIÓN NEOLÍTICA

Fai 10.000–8.000 anos deuse inicio un cambio vital para a nosa especie: a domesticación de animais e a sedentarización (deixábamnos de ser nómades). Isto supuxo cambios nos modos de produción pero tamén de organización social, a poboación medrou moito e o ser humano acadou novas metas, os poboados creceron e apareceron as primeiras sociedades xerarquizadas e con administración de diversos poboados en Mesopotamia, Europa ou China.

## SISTEMA NORFOLK

Que outras rotacións coñeces?

Como se cultiva agora?

Como cultivarán os produtores de produtos bio? Afastaránse moito do Sistema Norfolk

# EDWARD JENNER, E A PRIMEIRA PRIMEIRA VACINA



VACINA PROVÉM DO "LATÍN" VACUNO,  
RELATIVO ÀS VACAS. SABEDES PORQUÉ?

# EDWARD JENNER, E A PRIMERA PRIMEIRA VACINA



VACINA PROVÉN DO "LATÍN" VACUNO, RELATIVO ÁS VACAS. SABEDES PORQUÉ?

EDWARD JENNER DESCUBRIU A VACINA CONTRA A VARIÓLA AO FACER A PROBA CUN NENO DE 8 ANOS VECIÑO SEU. EDWARD OBSERVOU QUE AS MULLERES QUE TRABALLABAN COAS VACAS NO SE CONTAXIABAN DA ENFERMIDADE...



# EDWARD JENNER

ENTÓN O QUE FIXO FOI PROBAR, INFECTANDO AO NENO COA VARÍOLA DA VACAS (QUE ERA UNA VARIANTE DA VARÍOLA NOS SERES HUMANOS), FÍXOLLE UN CORTE E INTRODÚXOLLE PÚS PARA PROVOCARLLE A ENFERMIDADE. LOGO DE 8 DÍAS O RAPAZ SUPEROU A ENFERMIDADE, PASADO UN TEMPO, EDWARD VOLVEU A ABRIRLLE UNA FERIDA E INFECTOUNO COA VARIANTE QUE AFECTABA ÁS PERSOAS. PASADO UN TEMPO O RAPAZ RECUPEROUSE TAMÉN DESTA ENFERMIDADE.



# EDWARD JENNER




RESPOSTA NO CADERNO:

- Dirías que Jenner foi un HEROE ou un VILLANO? Xustifica a túa resposta. BUSCA UN SÍMIL CON ALGÚN DESCUBRIMENTO OU EXPERIMENTO DO PRESENTE.

# ESQUEMA NA PIZARRA

Revolución Industrial. Libro Bahía ediciones.

# A TRIPLE REVOLUCIÓN



# A TRIPLE REVOLUCIÓN




INDUSTRIAL



AGRÍCOLA



DEMOGRÁTICA




## A REVOLUCIÓN DEMOGRÁFICA

Os grandes avances na alimentación, a medicina ou na hixiene fixeron que fose posible o crecemento poboacional ligado ao desenvolvemento industrial e agrario. Eran tres patas que se retroalimentaban, canto máis alimentos, menos fame, cantos máis inventos, menos persoas con condición de vida miserentas e unha maior esperanza de vida, o que volvía a aumentar a poboación total.

E a máis poboación total, máis posibles compradores para as fábricas e o agro.





RÉXIME DEMOGRÁFICO DE TIPO?

-----


Caracterízase por:

- Gran cantidade de poboación menor de 20 anos.
- Escasa cantidade de persoas maiores (maiores de 65 anos)

A que credes que se debe esta situación?

## RÉXIME DEMOGRÁFICO DE TIPO ANTIGO

Pirámide de población de España, año 1900



Fuente: Instituto Nacional de Estadística. Censo de 1900

UPS! SORPRESA



NON ESTAMOS EN INGLATERRA A FINAIS DO SÉCULO XVIII, ESTAMOS NA ESPAÑA DE INICIOS DOS XX.


- COMO É POSIBLE?

UN DATO: EN ESPAÑA NO ANO 1900 SÓ O 51% DAS PERSOAS QUE NACÍAN CHEGABA AOS 20 ANOS DE IDADE.

# RÉXIMES DEMOGRÁFICOS

Saber analizar una gráfica de banderola da transición demográfica e analizar nela os 4 réximes demográficos (antigo, da primeira transición, da segunda transición, e novo ou moderno). Deberase saber as características de natalidade, mortalidade, esperanza de vida, grao de dependencia, e poboación total.

# GRÁFICA DE BANDEROLA DA TRANSIÇÃO DEMOGRÁFICA



# FACTORES QUE INFLÚEN NO AUXE DEMOGRÁFICO

## NATALIDADE

- Como variará durante a segunda metade do s.XVII e o XIX en Inglaterra?

Elementos que influirán nela:

- 
- 
- 
- 

## MORTALIDADE

- Como variará durante a segunda metade do s.XVII e o XIX en Inglaterra?

Elementos que influirán nela:

- 
- 
- 
-



## A REVOLUCIÓN DOS TRANSPORTES

O proceso de industrialización necesitou dun desenvolvemento de novos métodos de transporte. Así aparecen o ferrocarril asociado á Primeira Revolución Industrial, e o automóbil e o avión asociado á Segunda Revolución Industrial (1870-1914).

O ferrocarril apareceu tras a primeira locomotora de vapor creada por George Stephenson, que realizou o seu primeiro traxecto en 1825. A primeira liña será a Manchester-Liverpool en 1830, e a primeira en España en 1848 entre Barcelona e Mataró con 30 kilómetros, no territorio galego crearase en 1873 a liña Santiago de Compostela- Carril con 42 kilómetros.

# IMPLICACIÓNS DA REVOLUCIÓN DOS TRANSPORTES

O desenvolvemento dos novos medios de transportes supuxo dúas grandes novidades:

- Por unha banda: ao axilizar os transportes abaratou o prezo das materias primas para a industria e dos produtos finais para os consumidores. Isto favoreceu os desprazamentos.
- Por outra banda: ao requirir de pezas beneficiou á industria metalúrxica que producía esas pezas, supuxo un avance na enxeñería civil que debía deseñar trazados e vías. Coa súa construción tamén aparecen sociedades de capital, xa que a construción e o mantemento do ferrocarril requiría de grandes sumas de capital.

## IMPLICACIÓNS DA REVOLUCIÓN DOS TRANSPORTES

O mercado do algodón (proviña da India) era o máis importante para Gran Bretaña. Compraban de algodón indio e a venda de produtos elaborados de algodón ingleses (chaquetas, camisas, etc). Isto fai que os beneficios obtidos sexan grandes e se invistan no desenvolvemento dos transportes. Así mesmo, canto mellor rede de transportes existe, máis doado será a circulación de mercancías e materias primas.

Asociado ás novas formas de organización industrial e as compañías para os transportes aparece un novo proceso de acumulación de capital (cada vez é necesario máis capital para crera unha empresa) que será aportado polos bancos estatais (Banco de Inglaterra) ou privados. Ademais pasase de empresas familiares a sociedades anónimas que teñen o capital repartido entre varias persoas.

# TRANSPORTES NA SEGUNDA REVOLUCIÓN INDUSTRIAL

Lee as páxinas 90 e 91 do libro de texto e resposta de maneira individual:

- Cita seis novos medios de transporte asociados á segunda etapa da Revolución Industrial.
- Cita cinco novidades na navegación marítima.
- Tendo en conta os valores de coidado medioambiental que hoxe se defenden nas cidades europeas. Cales son os máis usados?
- Como axudará o avance nas telecomunicacións ao sistema produtivo?

# AS CLASES SOCIAIS DURANTE A REVOLUCIÓN INDUSTRIAL

(O modelo social que imos estudar básase na Inglaterra do século XIX, xa na Segunda Revolución Industrial, pódese extrapolar a Alemaña, Inglaterra, Países Baixos ou Bélxica pero non chegará a toda Europa ata finais do século ou o seguinte)

As novas clases sociais que aparecen durante o proceso da Revolución Industrial son a burguesía e o proletariado.

A burguesía introduce cambios de todo tipo nos costumes, modas, hábitos culinarios, lugares de reunión, bailes... Exhibían as súas formas de vida, custosas e mesmo ás veces dilapidadoras. O contraste coas formas de vida do proletariado levará a conflictividade social.

# AS CLASES SOCIAIS DURANTE A REVOLUCIÓN INDUSTRIAL

A burguesía:

Convertíuse na nova elite social. A aristocracia (nobreza) iniciara o século XIX como o grupo social máis poderoso pero pouco a pouco vai perdendo poder que gaña a burguesía. A industrialización favoreceu este proceso de traspaso de poder.

- Basaba o seu poder nas súas propiedades e riquezas producidas pola industria.
- O seu estilo de vida era ostentoso: intentaban imitar a aristocracia nas súas formas de vida cunha educación elitista, mediante o mecenazgo de artistas e científicos, ou o apoio a institucións relixiosas. Tamén buscan diferenciarse do proletariado mediante as súas roupas, casas e festas.

# AS CLASES SOCIAIS DURANTE A REVOLUCIÓN INDUSTRIAL

Por outra banda a burguesía tamén propuxo novidades nas formas de comportarse, o máis importante era que apostaba polo progreso económico (o que revertía directamente na sociedade), dirixían os seus negocios e dedicaban menos tempo ao ocio. Ademais xustificaban as súas riquezas na valía personal e non nas herdanzas.

O papel como grupo social na industrialización resultou decisivo xa que investiu os seus capitais nas novas industrias e dirixiunas con mentalidade emprendedora.:



# AS CLASES SOCIAIS DURANTE A REVOLUCIÓN INDUSTRIAL

O proletariado era a clase maioritaria, e polo tanto a encargada de facer funcionar a sociedade, estaba composta polos obreiros das industrias.

As orixes do proletariado eran diversas. Este estaba composto por:

- O campesiñado que xa non podía seguir vivindo no campo tras a perda das terras comunais, o seu traballo fixérase innecesario en moitas tarefas coa chegada das máquinas. Isto provocou un excedente de man de obra que marchou cara ás cidades.
- As persoas que necesitaban do domestic system para sobrevivir (campesiños ou non) e que perderan os seus ingresos ao non poder competir coas fábricas modernas (factori system)
- Os artesáns e gremios das cidades, xa que non conseguiron competir coa industria.

# AS CLASES SOCIAIS DURANTE A REVOLUCIÓN INDUSTRIAL

As condicións de traballo do proletariado eran duras debido á máxima empresarial de obter o máximo beneficio. Seguían unhas características comúns:

- Tiñan longas xornadas laborais de 14 a 16 horas
- Seguían una estrita disciplina, con castigos corporais e sancións económicas.
- Perderon os descansos de festivos e domingos.
- O seu despido era libre, se ninguna retribución nin por enfermidade nin accidente laboral, o que fai que non cobraban os días que non traballaban.
- Non tiñan dereitos de ningún tipo, a primeira regulación do traballo deuse en Reino Unido en 1824-1825 pero foi de escasa implantación.
- Escasa posibilidade de progreso profesional

## AS CLASES SOCIAIS DURANTE A REVOLUCIÓN INDUSTRIAL

As condicións de traballo do proletariado aumentaron a carga de traballo que tiñan do campo. Antes limitábanse ás horas de luz, agora ampliábase coa chegada das lámpada de gas. As condicións de salubridade nas fábricas tamén eran peores (temperatura e po) o que impulsou enfermidades como o raquitismo ou a tuberculose.

A autoridade na fábrica estaba moi marcada, e o ritmo de traballo estaba marcado polas máquinas. Tamén seguiron traballando mulleres e nenos (coma no campo), o papel destes en sectores como a minaría ou a industria textil foi importante, aínda que cobraban salarios inferiores aos dos homes.

# CONSECUENCIAS DA REVOLUCIÓN INDUSTRIAL

As consecuencias do proceso son múltiples e variadas.

- Consecuencias económicas: a fábrica aumenta a produción e nalgúns sectores chega á gran escala. Aparece o empresario capitalista, os traballadores especialízanse, e despersonalízanse as relacións persoais. Aparece a concentración empresaria cō fin de controlar produción e presos. Deséñólvese o comercio, as finanzas, os sistemas bancarios e as sociedades de capitais. O país que se industrializa perde a superioridade do sector primario deixando paso ao secundario e o terciario.

# CONSECUENCIAS DA REVOLUCIÓN INDUSTRIAL

As consecuencias do proceso son múltiples e variadas.

- Consecuencias sociais: a sociedade vólvese máis dinámica e complexa. Os estamentos do Antigo Réxime deixan paso á sociedade de clases, formada por grupos máis abertos e fundamentados pola riqueza (e non polos privilexios de sangue). Agora o diñeiro é a principal fonte de poder. A capacidade e o esforzo persoal permiten adquirir un posto elevado. As condicións de vida endurecéense para os asalariados (aqueles que cobran un salario nas fábricas). As cidades medran e teñen lugar cambios urbanísticos. Co sistema fabril aparecen a conciencia de clase traballadora e o movemento obreiro.

# O MOVIMENTO OBREIRO.

Libro páxinas 128 e 129.

Entender en que consisten o Ludismo e o Cartismo.

## ASOCIACIONISMO OBREIRO. PÁXINAS 132-133

A toma de conciencia dos problemas comúns que afectaba ao proletariado en todas as nacións europeas acabou por facer sentir a necesidade de encauzar a mobilización do obreirismo europeo mediante a convocatoria dunha reunión xeral na que tratar estas cuestión. Esta tivo lugar en 1864, cando se fundou a Asociación Internacional de Traballadores (AIT) ou I Internacional.

A AIT tivo tres puntos clave nas súa ideas:

1. A internacional non debía abolir as asociacións nacionais, senón potenciar no ámbito mundial a súa actividade.
2. Debe buscar a emancipación da clase obreira a partir dos actos dos traballadores.
3. Non habéramos emancipación social sen loita polo poder político.



# A EXPANSIÓN DA AIT

As diferentes organización sindicais de toda Europa fóronse sumando á Internacional e reuníndose, cada certo tempo, en diferentes congresos para fixar os principios e as estratexias a seguir.

En España quedou configurada oficialmente en 1870 en Barcelona a Federación Rexional Española (FRE), ingresando dentro da Internacional. A FRE alcanzou o seu máximo desenvolvemento en 1873 con 40.000 afiliados, na súa maioría traballadores de Cataluña, Levante e Andalucía. En Galicia era poderosa a federación da Coruña.

# O ENFRONTAMENTO IDEOLÓXICO NA AIT

Na AIT convivían sindicalistas e socialistas de diversas tendencias. Enfronte do sector máis autoritario dirixido por MARX e ENGELS quen pretendía reforzar o poder do Consello Xeral con sede en Londres, xurdiron pronto un movemento de defensa da autonomía das organizacións locais e rexionais que seguían con simpatía o antiautoritarismo de Mijail Bakunin.

Marx fora elixido en 1864 para elaborar os estatutos da AIT, xogando un papel decisivo en diante. O enfrontamento radicalizouse a partir de 1868 cando Bakunin entra na Internacional. En 1869 amosan discrepancia ambos líderes sobre a abolición do dereito de herdanza

# O FIN DA INTERNACIONAL

O enfrontamento entre Marx e Bakunin levou á expulsión de Bakunin e os seus partidarios (españóis, italianos e suízos. Estes condenaron os postulados marxistas e decidiron permanecer asociados na Internacional Antiautoritaria que defendía a rexeitamento da participación na política, da formación dun Estado obreiro, e defende a autonomía das federacións rexionais.

A AIT defíxose en 1876, e a Internacional Antiautoritaria en 1877.

En España a insurrección dos obreiros de Alcoi en 1873 estimulada pola Internacional Autoritaria fixo que se prohibise a AIT en 1874.

# OS PARTIDOS SOCIALISTAS

A partir da década de 1870 a defensa das teses dos partidarios da participación socialista na política Terán a súa plasmación na creación por toda Europa de partidos socialistas. O primeiro que logrou un alcance nacional foi o Partido Socialdemócrata Alemán (SPD)

# A EXPANSIÓN DEMOGRÁFICA E AS MIGRACIÓNS

O gran crecemento poboacional europeo da segunda metade do século XIX supuxo a apertura de movementos poboacionais cara o exterior. Dos 270 millón de habitantes en 1850 pasouse a 400 millón en 1900. Isto provocou una masiva emigración europea aos territorios de ultramar.

Isto explícase por:

- O gran crecemento natural fixo que medrase a poboación en idade de traballar, que non sempre atopa traballo.
- As novas posibilidades das colonias facía que se buscasse mellorar o nivel de vida nelas.
- O efecto chamada dos emigrantes favoreceu novas migración.
- O abaratamento dos transportes e a dispoñibilidade de terras nos lugares de destinos.

# FASES DAS MIGRACIÓNS

- Primeira etapa 1845-1880. Coa crise económica de 1845 comezaron a emigrar os países do norte: Irlandeses, ingleses, escoses e alemáns. Superáronse os 300.000 emigrantes anuais. Irlanda viviu unha masiva emigración pola gran fame da "crise da patada".
- Segunda etapa 1880-1914. A emigración acelerouse ata os 500.000 emigrantes anuais. Reducíronse os emigrantes do norte e comezaron a emigrar do sur e leste de Europa.

# O IMPERIALISMO EUROPEO

Durante o século XIX deuse un novo modelo colonial: o Imperialismo, este está asociado ao capitalismo e diferénciase do colonialismo anterior (exemplo España en América) en que se buscan máis as transaccións económicas e as ventaxas comerciais que unha ocupación efectiva dos territorios.

Nas últimas décadas do XIX comezan a expandirse tamén Estados Unidos e Xapón, polo que comezan a loitar polas zonas nas que expandirse. Os europeos conquistarán maioritariamente dúas zonas: África e Asia (América xa estaba colonizada anteriormente).

Este proceso imperialista asóciase ao auxe do librecambismo, una doutrina económica que defende a libre circulación de mercadorías entre países e gobernos, deixando de lado o proteccionismo anterior.



# CAUSAS DO IMPERIALISMO

Existen catro tipos de causas:

- Económicas
- Políticas
- Ideolóxicas
- Relixiosas
- Científicas

# CAUSAS ECONÓMICAS

O aumento da produción industrial produxo un auxe do comercio. Entón os diferentes estados buscaron atopar novos mercados coloniais, neles poderían comerciar libremente sen competencia, e as colonias venderíanlles as materias primas a prezos baixos.

# CAUSAS POLÍTICAS

O control de novos e extensas colonias provocaba nos estados a idea de converterse nunha gran nación a nivel internacional. Estábase amosando ao mundo que a raza nacional era poderosa.

Buscaban controlar as rutas comerciais (Mediterráneo, Ruta polo sur de África, América) a partir de ter colonias estratégicas, por exemplo Inglaterra controlou Malta, o que lle permitiría ter un lugar de paso a medio camino cara a India.

# CAUSAS IDEOLÓXICAS

Intentaba exponer a superioridade da raza europea, branca, cristiãna e industrializada sobre os demais. Por elo realizaron unha mala interpretación das ideas de Charles Darwin (A orixe das especies publicada en 1859). Darwin falaba da evolución biolóxica a través do tempo, en enlaces verticais, é decir a superioridade dunhas xeracións sobre outras, non dunhas razas sobre outras. Pero as ideas do Darwinismo social levaron a que políticos, escritores ou filósofos defenderan a necesidade de expandirse para expandir a superioridade da raza branca.

## CAUSAS RELIXIOSAS

As causas idelóxicas ligáronse á necesidade da misión civilizadora defendida pola Igrexa a que trataba de educar ás razas inferiores na fe católica, impondo así as costumes europeas nos territorios colonizados e obrigando a renegar das raíces propias dos pobos.

Os católicos e protestantes dixeron una intensa misión evanxelizadora e humanitaria. Por unha banda rexeitaron a escravitude mentras se imponía a cultura europea nos países colonizados.

# CAUSAS CIENTÍFICAS

O descoñecemento de todo o globo terráqueo facía que non existisen mapas de grandes zonas, a idea de descubrir todo o planeta provocou un importante interese científico no seu recoñecemento. Para elo utilizáronse as vías naturais como os ríos para penetrar nas zonas non coñecidas. Nestas zonas aproveitaríase para recoñecer novas materias primas que fosen aparecendo.

Tamén existiron literatos que a través das súas obras reproducían as tradición africanas e asiáticas en Europa. Outras revistas e información trataron de acercar o mundo colonial aos europeos.

# FORMAS DE DOMINIO COLONIAL

Realiza un esquema coas diferentes formas de dominio colonial durante o século XIX. Colonias, dominios, protectorados ou concesión.

Páxina do libro 101.



# TIPOS DE COLONIAS DURANTE O IMPERIALISMO

As colonias son dominios que supoñen un asentamiento de poboación, e se poden diferenciar entre colonias, dominios ou protectorados. As colonias á súa vez poden ser de poboamento (aquelas donde se sitúa un novo núcleo poboacional por cualquier motivo, que no caso do século XIX será por unha cuestión de prestixio da nación e como vía de escape da descompensación entre poboación e recursos provocada por la crise de 1873), colonias de explotación (nas cales a prioridade no é poboar senón xenerar unha explotación dos recursos da zona a partir das empresas estranxeiras), ou colonias estratéxicas (cuxo valor reside na súa situación xeográfica como puntos de interese polo paso das rutas comerciais).

## A ERA DO IMPERIALISMO

COÑÉCESE COMO A ERA DO IMPERIALISMO AO PERÍODO QUE VAI DESDE 1870 A 1914, DURANTE O CAL SE REPARTIRÁN PRÁCTICAMENTE A TOTALIDADE DO GLOBO EN TAN SOLO 11 ESTADOS; GRAN BRETAÑA, FRANCIA, ALEMANIA, RUSIA, ITALIA, HOLANDA, BÉLXICA, PORTUGAL, ESPAÑA, OS ESTADOS UNIDOS E XAPÓN.

## O IMPERIALISMO DENDE A ÓPTICA SOCIALISTA

Nas primeiras décadas do século XX pensadores socialistas formularon explicación que defendían o imperialismo como a expansión do capitalismo. Lenin publicou en 1916 a súa obra *El imperialismo, fase superior del capitalismo.*, nela explón o imperialismo como fase do capitalismo onde os monopolios e o capitalismo financeiro pasan a ser os dominadores dos mercados internacionais.

# SITUACIÓN POLÍTICA NA ERA DO IMPERIALISMO

Francia y Reino Unido comenzaron la colonización en África.

Francia: Iniciou a conquista polo norte con 1830 en Arxelia, pero a instauración como colonia no remata ata 1870. En 1881 establecieron o protectorado de Tunisia.

En Egipto entraron en colisión os intereses franceses e ingleses polo dominio da ruta polo Canal de Suez. En 1882 prodúcese a ocupación militar británica que crean un protectorado.

# O DOMINIO DE ÁFRICA EN 1885

En 1885 cando se produce a Conferencia de Berlín a totalidade de África non estaba conquistada, e nela se estableceron unas premisas para precisar quen tiña o dereito á soberanía das diferentes rexións. Inglaterra controlaba por aquel entón Exipto, Serra Leona, A Costa do Ouro (Ghana), Lagos, Sudán e Cidade do Cabo (Sudáfrica), a súa idea era construír un imperio de Norte a Sur que unise dende Exipto ata Sudáfrica. Francia por aquel entón controlaba Arxelia, Tunisia, Costa de Marfil, Gabón, Senegal e Somalia, e buscaba crear un imperio continuo dende o Este ao Oeste que unise Senegal con Somalia. Portugal ambicionaba un imperio continuo dende SO (Angola) ata o SE (Mozambique).

# A CONFERENCIA DE BERLÍN

Foi unha reunión na que as principais potencias imperialistas asumiron unha serie de acordos para regular a ocupación do territorio africano:

- Liberdade de comercio e navegación polos ríos Níxer e Congo
- Prohibición da escravitude
- Recoñecemento do Estado Libre do Congo para o rei Leopoldo II de Bélxica
- O principio de ocupación efectiva sobre os territorios.

# A COLONIZACIÓN DE ÁFRICA

A finais do século XIX as novas potencias incorporáronse á repartición de África. As máis importantes foron Alemaña e Italia. Italia conseguiu Somalia e Eritrea, pero fracasou no seu intento de conquistar Etiopía.

Alemaña estableceu colonias en Togo e Tanganica, e na área desértica ao suroeste de África e que logo se chamou África de Suroueste alemá.

# VIDEO - EL IMPERIALISMO CUADERNOS DE HISTORIA

